



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 15 de xaneiro de 2023.

Asunto: Nomeamento tribunal selección e datas do proceso selectivo dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego "O Castro VIII".

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOGA núm. 46, de data 08/03/2022).

Visto o Convenio de colaboración entre os Concellos de Castroverde, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Ribeira de Piquín para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro Dual de Emprego, de data marzo de 2022, por medio do cal se designa ao Concello de Ribeira de Piquín como promotor do proxecto de Obradoiro dual de emprego.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade de data 28/07/2022, pola que se concede unha subvención ao Concello de Ribeira de Piquín para a realización do proxecto do Obradoiro dual de emprego denominado "O Castro VIII" para 20 alumnos/as traballadores/as.

Considerando o establecido nas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Examinada a documentación que obra no expediente e de conformidade co establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022, así como nas instrucións de selección da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego "O Castro VIII":

Presidente: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).





Concello de Ribeira de Piquín

Dna. Sandra Teijeira López, Administrativa do Obradoiro de Emprego “O Castro VIII”.

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o luns día 16 de xaneiro de 2023, ás 09:30 horas, no salón de plenos da Casa Consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da constitución do tribunal.

SEGUNDO.- Sinalar a data de celebración do procedemento de selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego “O Castro VIII”, e que será o día 16 de xaneiro de 2023, ás 10:00 horas.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 15 de xaneiro de 2023.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

